

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS
ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DO ALUMNADO DE GRAO EN
PSICOLOXÍA***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2026-2027, isto é o día 31 de agosto de 2027, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o programa de prácticas académicas externas curriculares de estudos de grao en Psicoloxía entre a Consellería e a USC para facilitar a preparación para o exercicio profesional dos/das estudantes en ámbitos relacionados coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos de grao



cursados na Facultade de Psicoloxía da USC. Deste xeito promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.

Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do Estudante Universitario", establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares que poderán realizarse en entidades externas.



Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que "a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración". Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por tanto se trata dunha actividade única e especial que se imparte de forma exclusiva nas universidades.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

